



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

- E D I C T O -

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
SOBER	1º-semester-2021	Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos
SOBER	1º-semester-2021	Taxa da auga, sumidoiros e canon da auga Xunta de Galicia
A POBRA DO BROLLÓN	1º-semester-2021	Taxa auga, lixo e sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia
A PONTENOVA	2º-trimestre-2021	Taxa auga, lixo e sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia
PARADELA	1º-semester-2021	Taxa auga, lixo e Canon auga Xunta de Galicia

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (Ronda Muralla, nº 140-Pavillón 1- 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 14 de setembro de 2021.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019.- A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 29/09/2021 e finalizará o día 29/11/2021, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
SOBER	1º-semester-2021	Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos

SOBER	1º-semester-2021	Taxa da auga, sumidoiros e canon da auga Xunta de Galicia
A POBRA DO BROLLÓN	1º-semester-2021	Taxa auga, lixo e sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia
A PONTENOVA	2º-trimestre-2021	Taxa auga, lixo e sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia
PARADELA	1º-semester-2021	Taxa auga, lixo e Canon auga Xunta de Galicia

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, “La Caixa” - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Lugo, 14 de setembro de 2021.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019.- A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 2690

ÁREA DO MEDIO RURAL E DO MAR E MOCIDADE

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN SESIÓN CELEBRADA O 24 DE SETEMBRO DE 2021, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARÁN AS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA APOIAR A XESTIÓN E MANTEMENTO DAS REDES SECUNDARIAS DE FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA E DAS FAIXAS LATERAIS DAS VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, DENTRO DOS TERREOS DAS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “O QUE NON ARDE”, NA ANUALIDADE 2021

BDNS

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>)

Primeiro.- Obxecto

As presentes bases teñen como obxecto a ordenación do procedemento para a concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, no marco do Programa “O que non arde”, de axudas dirixidas ás Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (en adiante, CMVMC) da provincia de Lugo, e ás súas agrupacións, baixo calquera forma xurídica (agás a sociedade mercantil), destinadas á xestión forestal conxunta, para a posta en marcha de actuacións de silvicultura preventiva que contribuirán a prever e minorar as consecuencias e os impactos negativos que os incendios forestais poidan provocar sobre a capacidade potencial de desenvolvemento e produción dos montes, de acordo con 2 eixos de actuación:

- Eixo 1: Dirixido ás CMVMC, e ás súas agrupacións, que promociónen actividades silvopastorís con gandería extensiva no ámbito de influencia das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa definidas no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia (en adiante, LPDIFG), así como nas faixas laterais das redes viarias de titularidade municipal situadas dentro dos límites das terras xestionadas pola CMVMC.
- Eixo 2:
 - a) As CMVMC e as súas agrupacións poderán solicitar axudas destinadas á elaboración, por parte dun técnico competente, do Plan de aproveitamento silvopastoril, para a regulación de dito aproveitamento e a inscrición no rexistro público de terreos forestais de pastoreo, ou para a súa inclusión dentro dun Proxecto de ordenación.
 - b) Asemade, poderán solicitar axudas destinadas á investigación da propiedade, resolución de discrepancias catastrais, e outras de natureza semellante que repercutan na mellora organizativa e estrutural da CMVMC, no senso de contribuír á elaboración exacta da planimetría destinada á determinación dos límites do monte comunal.

As actuacións incluídas no Eixo 2.b) só serán subvencionables para aqueles solicitantes que, asemade, solicitaran axuda para a realización das actuacións encadradas no Eixo 1 e/ou na letra a) do Eixo 2.

Este tipo de axudas está previsto no Regulamento (UE) núm. 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas nos sectores agrícola e forestal e nas zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Consonte ao mesmo, estas axudas non son cualificables como axudas de Estado a empresa, pois non son susceptibles de ser incompatibles co mercado interior nos termos establecidos no artigo 107.1 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, publicado no Diario Oficial da Unión Europea Serie L número 352 do 24 de decembro de 2013.

Segundo.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as CMVMC da Provincia de Lugo, e as súas agrupacións, baixo calquera forma xurídica (agás a sociedade mercantil), cuxos montes foran convenientemente clasificados polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais da provincia de Lugo e inscritos no Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

Asemade, para acollerse ás axudas, as CMVMC deberán velar polo cumprimento da normativa de prevención e defensa contra os incendios forestais mediante o aproveitamento do monte con pastoreo en extensivo de xeito que ditas actuacións contribúan á diminución da cantidade de biomasa existente no monte nas faixas secundarias e/ou laterais das vías de titularidade municipal; ou ben levando a cabo accións de mellora estrutural e organizativa dos usos do monte mediante o estudo da propiedade e/ou a resolución de discrepancias catastrais.

As actuacións definidas dentro do Eixo 1 deberán levarse a cabo en terreos de titularidade da CMVMC que se correspondan fisicamente co ámbito de influencia das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e/ou coas faixas laterais das redes viarias de titularidade municipal, segundo os datos que se reflectan no correspondente Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais e na planimetría á que se fai referencia na Base 7.1.e; podendo ampliarse as ditas actuacións a outros terreos segundo o establecido na Base 5.

No caso de arrendamento total ou parcial do monte, para a realización dun aproveitamento de pastos por gando en extensivo (actividade encadrada dentro do Eixo 1), o/s arrendatario/s poderá/n ser beneficiario/s de subvención e, polo tanto, poderá/n solicitala, sempre que o dito aproveitamento teña lugar en terreos que cumpran os requisitos establecidos no parágrafo anterior, e que, ademais, polo seu número de cabezas de gando e clase, sexa compatible coa conservación do monte.

No caso de cesión parcial do monte, para o seu aproveitamento individual por parte dalgún/s comuneiro/s, mediante pastoreo por gando en extensivo (actividade encadrada dentro do Eixo 1), e sempre que a cesión se corresponda con terreos que cumpran os requisitos citados nos parágrafos anteriores, este/s poderá/n ser tamén beneficiario/s das subvencións, sempre que o lote, a sorte ou parcela obxecto de cesión non sexa inferior á unidade mínima de cultivo. Nestes casos, será preciso a achega do documento de asignación de lotes indicando o seu aproveitamento.

O disposto nestas bases non será de aplicación aos MVMC da provincia de Lugo que estean consorciados coa Administración, salvo que solicitasen a rescisión ou transformación do dito consorcio. No caso de MVMC consorciados, poderá solicitarse a subvención naquela superficie non consorciada.

As CMVMC, ou as súas agrupacións, terán a condición de beneficiarios das subvencións, debendo nomear, en todo caso, un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiarias, lles correspondan.

Estas entidades non poderán extinguirse ou desaparecer ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da LXS.

Os beneficiarios deben cumprir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidos, en todo caso, ás obrigas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.

En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiario a entidade ou persoa física que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencións anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Os requisitos para obter a condición de beneficiario das subvencións acreditaranse mediante a presentación dos documentos que se relacionan na Base 7.

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, que se pode consultar na web da entidade (<http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>).

Convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar a xestión e mantemento das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e das faixas laterais das vías de titularidade municipal, dentro de terreos das comunidades de montes veciñais en man común, cuxo texto completo se pode consultar na web da Deputación de Lugo (<http://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medio-rural/subvencions>).

Cuarto.- Contía das subvencións e compatibilidade con outras axudas

A contía total máxima destinada a estas actuacións, incluída no Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2021, é de 60.000,00 €, coa seguinte distribución:

- Actuacións incluídas no Eixo 1: 40.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.489
- Actuacións incluídas no Eixo 2, apartado a): 10.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789
- Actuacións incluídas no Eixo 2, apartado b): 10.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.489

O importe das axudas para cada actuación será o que corresponda en función do orzamento e das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 4 e 7, segundo o previsto na Base 2, establecéndose as seguintes cantidades máximas:

- Actuacións incluídas no Eixo 1: 3.900 €, correspondentes a 130 €/ha de aproveitamento de pasto por gando en extensivo, cun límite de 30 has. por CMVMC, e unha carga gandeira non inferior a 0,60 UGM/ha en cómputo global, dentro das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa definidas no artigo 21 da LPDIFG ou nas faixas laterais das vías de titularidade municipal que discorran por terreos titularidade do/s solicitantes, ata os 2 metros en cada marxe.

Asemade, tamén será subvencionable o aproveitamento do monte veciñal mediante pastoreo por gando en extensivo en zonas que non se inclúan no indicado no parágrafo anterior, sempre que se leve a cabo o aproveitamento pastoril nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa ou nas faixas laterais das vías de titularidade municipal e o pastoreo levado a cabo en zonas alleas ás mesmas contribúa á prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a redución da cantidade de biomasa existente no monte. O límite conxunto para subvención das actuacións levadas a cabo dentro e fóra dos espazos definidos no parágrafo anterior, será de 30 has.

Entenderase realizada a actuación cando o pastoreo en extensivo levado a cabo no/s terreo/s obxecto da solicitude sexa idóneo e suficiente para a xeración da descontinuidade vertical e horizontal da biomasa vexetal ao obxecto de impedir a propagación do lume, non superando o mato, en xeral, os 10 cms.

- Actuacións incluídas no Eixo 2, apartado a): 1.500 €, podendo ser obxecto de subvención os gastos ocasionados como consecuencia da redacción, por parte dun técnico competente, do Plan de aproveitamento silvopastoril para a regulación do aproveitamento e a inscrición no rexistro público de terreos forestais de pastoreo, ou para a súa inclusión dentro dun Proxecto de ordenación.
- Actuacións incluídas no Eixo 2, apartado b): 1.500 €, podendo ser obxecto de subvención os gastos ocasionados como consecuencia de traballos de investigación da propiedade ou de resolución de discrepancias catastrais.

Tendo en conta a natureza e obxectivos perseguidos polas subvencións canalizadas nestas bases, os importes das axudas correspondentes ao Eixo 1 consisten nun importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total.

No caso das axudas correspondentes ao Eixo 2, os importes indicados nos parágrafos anteriores fan referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que, a lo menos, o 5% das actuacións subvencionadas naquel Eixo deberán ser financiadas pola propia entidade beneficiaria.

No suposto de que, unha vez resoltas as subvencións, non se esgote o crédito existente para cada un dos eixos obxecto da presente convocatoria, o remanente existente en cada eixo poderá ser empregado no eixo restante, sempre que non supoña modificación orzamentaria, co obxectivo de satisfacer as necesidades das solicitudes presentadas.

Asemade, no caso de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de axudas, non se esgote o crédito global, o remanente existente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2021, que en todo caso non supoña modificación orzamentaria. Do mesmo xeito tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados.

Quinto.- Prazo para a presentación de solicitudes

Os interesados en solicitar estas axudas disporán dun prazo de presentación de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da data da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 24 de setembro de 2021.- "O PRESIDENTE, A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez, P.D. Decreto do 15 de outubro de 2019.- A DEPUTADA DELEGADA DA ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE, Mónica Freire Rancaño.

R. 2778

ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

Anuncio



DEPUTACIÓN
DE LUGO



PUBLICIDADE DA MODIFICAIÓN DA LISTAXE DE ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS DENTRO DO PROGRAMA BONO IMPULSO-DEPUTACIÓN DE LUGO (BONO PARA HOSTELERÍA E COMERCIO LOCAL).

Atendendo ao establecido nas bases do Programa Bono Impulso-Deputación De Lugo (bono para hostelería e comercio local – BOP núm. 098, de 3 de maio de 2021) e a listaxes de establecementos adheridos por concello (BOP núm. 126, de 5 de xuño de 2021), a Xunta de Goberno Acorda da Deputación de Lugo ,con data 27.08.2021 e data 24.09.2021, acorda aprobar as seguintes modificacións nas listaxes de establecementos adheridos dentro do Programa Bono Impulso:

1. Modificación de beneficiarios:

RAZÓN SOCIAL/NOME COMERCIAL	NIF	ENDEREZO	POBOACIÓN
ALBERTO CASTRO ARMESTO	***5038**	RNDA. DAS FONTIÑAS 129 BAIXO	LUGO
MARÍA MUJER	***4547**	PRAZA MAIOR 27 - 29	LUGO
MONTSERRAT MARTÍNEZ PAZ	***7898**	RÚA PROGRESO 18	MONDOÑEDO
XISTRAIL MOUNTAIN S.L	***4074**	LG. PIMENTO 3	MONDOÑEDO
CASTRO ROMERO M JOSE 000871481C SLNE	***0117**	CALVO SOTELO 56	SARRIA
JAVIER CHAO LÓPEZ	***6646**	RÚA ROSALÍA DE CASTRO 31	BURELA

2. Actualización de razón social:

NOMENCLATURA CORRECTA	NIF
CARMEN GARCÍA LÓPEZ	***1893**
ELECTRICIDAD NUÑEZ SL	***1183**
RESTAURANTE SIERRA SL	***1517**

TEFER BAZAR SL	***1543**
OPTOMETRISTAS LUCENSES SL	***2265**
PROTABO SL	***2891**
MOLESKINE SL	***3619**
O BAUL BRANCO SLU	***4246**
BEN-BRAS DESARROLLOS SLU	***4255**
SUMINISTROS DE OFICINA LUGO SLL	***4470**
VERO FONSAGRADA SL	***4486**
VILAREXAS BRAND SL	***4504**
AIRIÑA LUGO SL	***4547**
AIRIÑA LUGO SL	***4547**
JOSE GAYOSO SL	***4844**
MERCA ESTEVEZ SLU	***5157**
EUKALPIA SHOP SL	***3846**
TOPITOS BOUTIQUE INFANTIL CB	***4534**
AIRA FERNÁNDEZ PIKAROS CB	***4881**
SAN CAYETANO CB	***4941**
DEVEZO SC	***5074**
MOVILTOM SC	***5112**
PROMOCIONES TURISTICAS RIBEIRA DO EO SL	***0562**
LAG SC	***4876**
MARIA BEGOÑA OURAL CASTRO	***9308**
JOSÉ RAMÓN CEREIJO QUIJADA	***0367**

3. Baixas na listaxe de establecementos adheridos de:

RAZÓN SOCIAL/NOME COMERCIAL	NIF	ENDEREZO	POBOACIÓN
JULIA ARMESTO VÁZQUEZ	***1871**	RNDA. DAS FONTIÑAS 129 BAIXO	LUGO
M ^a ELENA PAZ GARCÍA	***3103**	RÚA PROGRESO 18	MONDOÑEDO
M ^a MATILDE DURÁN GARCÍA	***0986**	RÚA ROSALÍA DE CASTRO 31	BURELA

4. Modificación por erro de transcripción:

Onde dí:

RAZÓN SOCIAL/NOME COMERCIAL	NIF	ENDEREZO	POBOACIÓN
BRUNO FILIPE ACEBRÁS	***8061**	RÚA DIPUTACIÓN 1, 3º IZQ	RIOTORTO

Debe dicir:

RAZÓN SOCIAL/NOME COMERCIAL	NIF	ENDEREZO	POBOACIÓN
SANDRA ACEBRAS DOPACIO	***1521**	RÚA DIPUTACIÓN 1, 3º IZQ	RIOTORTO

Contra dita resolución que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer alternativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento Administrativo común das administracións públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar dese o día seguinte da publicación do acordo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso- Administrativo.

Lugo, 28 de setembro de 2021.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 2797

Anuncio

PUBLICIDADE DA LISTAXE DE BENEFICIARIOS E IMPORTE DE SUBVENCIÓN, DA MEDIDA 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL” DENTRO DO PROGRAMA PRENDE ! BOTA RAÍCES NO RURAL.

Listaxe de Beneficiarios da Medida 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural” Prende! Bota Raíces

EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	NIF	CONCELLO	PERFIL	SUBVENCIÓN
2021/PCA_01/000011	VARELA SC	***3563**	Guntín	Peón agrícola	5.700,00€

Contra dita resolución que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer alternativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento Administrativo común das administracións públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar dese o día seguinte da publicación do acordo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso- Administrativo.

Lugo, 28 de setembro de 2021.- "O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 2798

CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

Aprobado inicialmente o expediente de modificación de créditos- suplemento de créditos- financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercizo anterior, por acordo do Pleno ordinario do 27/09/2021, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido devandito prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Bóveda, a 27 de setembro do 2021. O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 2783

CERVANTES

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DE UN (1) TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN LABORAL

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto desta Convocatoria e Bases reguladoras a selección mediante procedemento de concurso de méritos, de un (1) técnico/a de orientación laboral, que prestará servizo no Concello de Cervantes en réxime de contratación laboral temporal, consonte á subvención concedida ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2021.

A persoa seleccionada prestará os seus servizos no Concello de Cervantes.

Segunda.- Modalidade de contratación.

A modalidade de contratación será a de contrato laboral temporal “contrato para obra ou servizo determinado” previsto no artigo 15.1.a do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do estatuto dos traballadores, modificado pola Lei 35/2010, de 17 de setembro (BOE do 18 de setembro), no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, e estará vinculado ao financiamento do servizo por parte da Xunta de Galicia, de tal xeito que o contrato declararase extinguido no suposto de que o Concello de Cervantes deixe de prestar este servizo por calquera motivo, incluída a falta de financiamento externo do mesmo, antes da data de remate que se fixe.

A duración do contrato será de un ano dende a súa formalización, e en calquera caso rematará o día que remate o programa, prevéndose o 30 de outubro de 2022.

A xornada laboral será a tempo completo, consonte ó establecido pola normativa vixente aplicable no momento de formalización do contrato.

As funcións do posto axústanse para a realización do servizo ao establecido no artigo 8 do Real decreto 7/2015, do 16 de xaneiro, polo que se aproba a Carteira común de servizos do Sistema nacional de emprego, incluíndo as seguintes actividades segundo a Orde da convocatoria:

- Diagnóstico individualizado e elaboración do perfil ocupacional da persoa demandante de emprego.
- Deseño do itinerario personalizado para o emprego.
- Acompañamento personalizado no desenvolvemento do itinerario e o cumprimento do compromiso de actividade.
- Deseño, planificación e execución de accións grupais de orientación laboral que poidan ser de interese, en función dos perfís das persoas orientadas, tanto para mellorar a eficiencia do servizo como para fomentar a interrelación e o intercambio de experiencias entre elas.
- Asesoramento e axuda técnica adicional para:
 - A definición do currículo das persoas usuarias, provisión de instrumentos e técnicas de axuda para a elaboración do seu currículo personalizado ou o uso de novas ferramentas de presentación profesional a través do uso das TIC.
 - A aplicación de técnicas para a procura activa de emprego
- Información e asesoramento adicional sobre: A situación do mercado de traballo e as políticas activas de emprego, a oferta formativa e os programas que faciliten a mobilidade para a formación e cualificación europeas e a posta en marcha de proxectos emprendedores ou de emprego autónomo, así como os recursos de apoio de todo tipo dispoñibles no seu contorno para un asesoramento ou acompañamento máis especializado.
- Apoio á xestión da mobilidade laboral.
- Coordinación e colaboración co resto de persoal de orientación laboral e coa Rede de técnicos de emprego de Galicia para o intercambio de información e boas prácticas no eido do emprego, o emprendemento e a análise e prospección do mercado laboral.

- Mellora continuada das súas propias competencias e recursos profesionais para a orientación laboral a través da participación nas accións de formación e capacitación específicas que se determinen desde a Dirección Xeral de Formación e Colocación.
- Calquera outra relacionada que se lle encomende.

Terceira.- Requisitos.

Para poder participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Nacionalidade:** Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do TREBEP. Así mesmo os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.
- Idade:** Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- Capacidade funcional:** posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do presente contrato.
- Habilitación:** non ter sido despedido mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais doutros Estados, no seu caso.
- Compatibilidade:** non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- Titulación:** Estar en posesión do título de licenciada/o universitaria/o, arquitecta/o, enxeñeira/o ou grao; enxeñeiro/a técnico, diplomado/a universitario, arquitecto/a técnico ou grao. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

Cuarta.- Presentación de instancias.

As instancias de participación, dirixidas ao Sr. alcalde - presidente do Concello de Cervantes, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina de 9 a 14.30, no Rexistro da Sede electrónica do Concello de Cervantes (*cervantes.sedelectronica.gal*), ou a través de calquera outro método admitido pola lexislación vixente na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

Si, conforme ó anterior, se presenta a instancia a través das oficinas de Correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou nas oficinas de Correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán comunicalo durante o mesmo prazo de presentación de instancias, remitindo copia da solicitude presentada e xa rexistrada, mediante a seguinte opción:

- Correo electrónico dirixido ó enderezo concello.cervantes.cervantes@eidolocal.es, indicando como asunto: expediente 224/2021 Selección de técnico/a de orientación laboral. Neste suposto enviarase copia escanada da solicitude rexistrada

As persoas aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na base 3ª, e achegarán inescusablemente os seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI ou documento identificativo en vigor.
- Fotocopia da titulación esixida na base terceira letra f) desta convocatoria.
- Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase do concurso.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados, segundo o establecido na Base 7ª, en orixinal ou fotocopia cotexada por fedatario público ou por funcionario competente, pois non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non se aleguen e non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Quinta.- Admisión de persoas aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 3 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios na sede electrónica do concello: <http://cervantes.sedelectronica.gal> sinalándose un prazo de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indicárase o nome e apelido, e fracción do DNI dos aspirantes. Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

A listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, publicarase no taboleiro de anuncios na sede electrónica do concello: <http://cervantes.sedelectronica.gal>

Sexta.- Tribunal cualificador.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

Todos os membros deberán contar con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto convocado.

O alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello <http://cervantes.sedelectronica.gal>.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta que se autorizará coa sinatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal, así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito pola súa concorrencia ás sesións ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002 do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

Sétima.- Contido, desenvolvemento e cualificación das probas selectivas.

Publicada a listaxe definitiva das persoas aspirantes admitidas, o Tribunal, reunirse para os efectos de valorar os méritos alegados debidamente acreditados das persoas aspirantes, segundo o disposto no artigo 13.2 da

Orde do 23 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2021.

Será requisito imprescindible estar en posesión da titulación universitaria media ou superior (Título de licenciado/a universitario/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a ou grao; Título universitario de enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a ou grao) así como acadar unha puntuación mínima total en currículo de tres con cincuenta (3,50) puntos.

A **puntuación máxima total** da fase de concurso establécese en nove con vinte e cinco (**9,25**) puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran no parágrafo seguinte cos límites que se sinalan para cada un deles.

Baremo

Formación específica en materia de orientación laboral (máximo 3,50 puntos)	Puntuación
Máster ou cursos en materias de orientación laboral relacionada coas tarefas definidas no artigo 3 da Orde do 23 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade	0,50 puntos por cada 25 horas formativas
Experiencia profesional (máximo 3,50 puntos) A experiencia profesional deberá acreditarse exclusivamente a través do contrato de traballo en que conste o desempeño dunha ocupación igual ou equivalente á requirida, das recollidas na CNO. No caso de traballadores autónomos, acreditarase coa alta IAE (e actualización) e coas facturas en que consten os servizos prestados. Xuntarse <u>informe de vida laboral en ambos os casos</u> . Cando se trate de colaboracións, bolsas, titorías, docencia, educación social ou servizos sociais, acreditarase coa certificación de organismos oficiais en que deberá constar o tempo de realización e, de ser o caso, copia das condicións da convocatoria.	Puntuación
Por cada mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: técnico/a de orientación: orientación laboral/profesional, titorías laborais con persoas adultas, inserción laboral, etc.	0,40 puntos por cada mes
Por cada mes realizando tarefas técnicas indirectamente relacionadas co posto ofertado (máximo 2 puntos nesta epígrafe) (axentes de emprego, prospectores de emprego administración pública, etc).	0,20 puntos por cada mes
Coñecementos ofimáticos debidamente acreditados (máximo 1 punto nesta epígrafe). Os coñecementos débense acreditar mediante a achega de títulos, diplomas e/ou certificacións académicas.	Puntuación
Polos cursos acreditados sobre sistemas operativos, programas ofimáticos, programas de deseño e navegadores web, xestión de redes sociais ou espazos web para a publicación de contidos (blogs, wikis...) (Non puntúan os cursos inferiores a 15 horas).	0,10 puntos por cada 15 horas de curso
Outros méritos (máximo 0,25 puntos)	Puntuación
Celga 4 ou equivalente debidamente homologado	0,25 puntos
Discapacidade (máximo 1 punto)	Puntuación
Por ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, e a compatibilidade entre a discapacidade e o desenvolvemento das tarefas e funcións do posto mediante o correspondente certificado do órgano competente	1 punto

As titulacións e a formación acreditarase coa presentación de orixinal, copia cotexada por fedatario público ou copia dilixenciada polo/a funcionario/a competente, do título ou certificado da entidade/organismo que impartiu a titulación ou realizou a actividade formativa onde veñan especificadas o número de horas (no caso de cursos e másters). De non vir especificadas o número de horas, non se puntuarán.

Cualificación definitiva.- De producirse empate na puntuación final empregaranse como criterios de desempate, por orde correlativa: a puntuación do apartado 1º do baremo de méritos, 2º, 3º e 4º do dito baremo recollido na base sétima, e de persistir, atenderase ao maior tempo en situación de desemprego que se acreditará polo medio que estableza o Tribunal.

Oitava.- Resultados da selección.

O Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios na sede electrónica do concello: <http://cervantes.sedelectronica.gal>, no mesmo día en que se acorde, a relación de puntuacións outorgadas, e elevará á Alcaldía proposta da persoa candidata para a formalización do contrato a favor do aspirante posuidor da puntuación máis alta, xunto coa acta da sesión.

Antes de formalizar contrato coa persoa que corresponda pola orde de prelación remitirase unha proposta de preselección á Dirección Xeral de Formación e Colocación, achegando o seu currículo, aos efectos de que aquela

proceda a examinalo e valoralo segundo o baremo regulado na súa convocatoria de concesión de subvencións, e obter o seu visto e prace. Sen este requisito non se poderá formalizar o contrato, salvo no caso que resulte seleccionado persoal técnico que xa fose baremado ao abeiro dos programas de orientación laboral en exercicios anteriores, tal e como se establece no Artigo 13 da Orde do 23 de decembro da Consellería de Emprego e Igualdade.

Novena.- Listaxe de reserva.

Na acta da última sesión incluírase unha listaxe das persoas aspirantes que superen a puntuación de 3,50 puntos, en orde descendente de puntuación. As persoas que formen parte da mesma poderán ser chamadas (sempre respectando a orde da listaxe) para cubrir procesos de incapacidade temporal, maternidade, vacacións, permisos ou calquera outra circunstancia, sempre durante o período da presente contratación.

Décima.- Presentación de documentos e formalización do contrato.

O/a candidato/a proposto/a para ser contratado deberá achegar no prazo de dous (2) días hábiles a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancias de participación:

- Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a ou o aspirante reúne a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo. Esta certificación non poderá ter una antigüidade superior aos tres (3) meses anteriores ao día de remate do prazo de presentación de instancias, acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso procederase a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

Cumpridos os requisitos sinalados, a Alcaldía procederá a formalizar o correspondente contrato coa persoa seleccionada. Ata a formalización do contrato, a persoa seleccionada non terá dereito a ningunha percepción económica.

Décimo primeira.- Normas finais.

Primeira. Para todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora de Administración Local de Galicia, no Real Decreto 896/1991 do 7 de xuño, no Real Decreto 364/1995 e demais lexislación vixente de aplicación.

Segunda. Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na Base 4ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos só a través do Taboleiro de Anuncios na sede electrónica do concello: <http://cervantes.sedelectronica.gal>

Terceira. Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria e da actuación do Tribunal poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

ANEXO I .- MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE UN (1) TÉCNICO DE ORIENTACIÓN LABORAL NO CONCELLO DE CERVANTES, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO DE MÉRITOS.

D/^a.....provisto/a de
 D.N.I. nº.....con enderezo na R./.....
 N °..... piso..... C. Postal..... Localidade.....
 Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Cervantes para a contratación en réxime laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado), a xornada completa, de UN (1) TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN LABORAL .

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. (No caso de ser nacional doutro Estado): que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do Cervantes para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte: (RISCAR O QUE PROCEDA)

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- Título de diplomatura universitaria, grao universitario ou superior ou equivalente.
- Relación dos méritos que alego para a súa valoración, e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na Base 7ª:

Formación específica en materia de orientación laboral (máximo 3,50 puntos)	Puntuación
<p>Experiencia profesional (máximo 3,50 puntos)</p> <p>A experiencia profesional deberá acreditarse exclusivamente a través do contrato de traballo en que conste o desempeño dunha ocupación igual ou equivalente á requirida, das recollidas na CNO. No caso de traballadores autónomos, acreditarase coa alta IAE (e actualización) e coas facturas en que consten os servizos prestados. Xuntarase <u>informe de vida laboral en ambos os casos</u>. Cando se trate de colaboracións, bolsas, titorías, docencia, educación social ou servizos sociais, acreditarase coa certificación de organismos oficiais en que deberá constar o tempo de realización e, de ser o caso, copia das condicións da convocatoria.</p>	Puntuación

Coñecementos ofimáticos debidamente acreditados (máximo 1 punto nesta epígrafe). Os coñecementos débense acreditar mediante a achega de títulos, diplomas e/ou certificacións académicas.	Puntuación
Outros méritos (máximo 0,25 puntos)	Puntuación
Discapacidade (máximo 1 punto)	Puntuación

....., de.....de 20__

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CERVANTES

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE CERVANTES para o exercicio das función e competencias atribuídas ó CONCELLO DE CERVANTES na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección RÚA DEPUTACIÓN, S/N.- 27664.- SAN ROMÁN DE CERVANTES.- LUGO

DILIXENCIA: Que extendo eu, D^a. Rosa María Pérez Gradaille, Secretaria-Interventora do Concello de Cervantes, para facer constar que o presente recolle de maneira textual a convocatoria e bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 23 de setembro de 2021.

En Cervantes, 24 de setembro de 2021.- A Secretaria-Interventora, Rosa María Pérez Gradaílle.

R. 2759

CHANTADA

Anuncio

O pleno do Concello de Chantada, na sesión ordinaria do día 29/07/2021 acordou aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal do imposto sobre construcións instalacións e obras(ICIO).O expediente de modificación someteuse ao trámite de información pública trala publicación do anuncio no B.O.P. de Lugo nº 181 do 9 de agosto de 2021. Rematado o prazo de información pública conséntase que non se presentou reclamación algunha.Procédesse á publicación íntegra no B.O.P da modificación efectuada, segundo o disposto no art.17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

ARTIGO 1. NORMATIVA APLICABLE.

1. O Concello de Chantada, de conformidade co número 1 do artigo 15, o apartado c) do número 2 do artigo 59 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acórdase a imposición e ordenación no Concello de Chantada do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
2. O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras rexerese neste municipio:
 - a) Polas normas reguladoras do mesmo, contidas nos artigos 100 a 103 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que completen e desenvolvan devandita Lei.
 - b) Pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

1. O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obténdose ou non a devandita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licencia ou a actividade de control corresponda ao concello de a imposición.

ARTIGO 3. EXENCIÓNS.

Está exenta do pago do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as entidades locais, que estando suxeita ao imposto, vaia ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de investimento novo como de conservación.

ARTIGO 4. SUXEITO PASIVO.

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, persoas xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

Aos efectos previstos no parágrafo anterior terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2. No caso de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA.

1. A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custo de execución material daquela.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.

2. A cota deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.
3. O tipo de gravame do imposto queda fixado no 2,5 %.

ARTIGO 6. BONIFICACIÓNS.

Dacordo co artigo 103.2 do TRLRHL, establécense as seguintes bonificacións:

- a) Unha bonificación do 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, a excepción das redes de servizos públicos realizados por empresas distribuidoras ou subministradoras.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

- a) A documentación a achegar polo suxeito pasivo será a seguinte:
- b) Solicitude da bonificación.
- c) Xustificación de que as construcións, instalacións ou obras teñen un especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego. E informe técnico correspondente

ARTIGO 7. DEVENGO.

O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivera a correspondente licenza.

ARTIGO 8. XESTIÓN TRIBUTARIA.

1. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar, ante este Concello, autoliquidación, segundo o modelo determinado polo mesmo, e tomando como base mínima as táboas de valores e prezos aprobadas ao efecto, segundo anexo que se acompaña segundo os usos, tipoloxías edificatorias, e tipos de obras e coeficientes correctores.
2. Dita autoliquidación deberá ser presentada conxuntamente coa solicitude da oportuna licenza de obras ou urbanística, acompañando xustificante de abono en conta, a favor do Concello, en Caixa de Aforro ou Banco.
3. No caso de que a correspondente licenza de obras ou urbanística sexa denegada, os suxeitos pasivos terán dereito á devolución das cotas satisfeitas sempre que non se atope o dereito de devolución prescrito de acordo co previsto no artigo 66.c) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, que aproba a Lei Xeral Tributaria.
4. Á vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base imponible, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándole, no seu caso, a cantidade que corresponda.
5. Ao amparo do establecido no art 103.5 do TRLRHL, o réxime de declaración e ingreso do ICIO será conxunto co establecido para a taxa por expedición de licenzas urbanísticas.
6. Unha vez realizado o ingreso do ICIO, só procederá a devolución da cota cando a obra ou actuación que motivou a solicitude non se realizou, previa comprobación efectiva da mesma, e non se atope o dereito de devolución prescrito de acordo co previsto no artigo 66.c) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, que aproba a Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 9. INSPECCIÓN E RECADACCIÓN.

A inspección e recadación do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 10. INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas demais disposicións que a desenvolven.

DISPOSICION ADICIONAL PRIMEIRA

As modificacións producidas por Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor mentres non se acorde expresamente a súa modificación ou derogación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A bonificación prevista no artigo 6 da presente ordenanza aplicarásese as construcións, instalacións e obras que se inicien con posterioridade á entrada en vigor da presente modificación. Ás devengadas, é dicir, ás iniciadas con anterioridade á entrada en vigor da mesma, aplicaráselles unha bonificación do 95%.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións anteriores se opoñan á presente ordenanza fiscal.

ANEXO I MÓDULOS VALORATIVOS DE OBRAS MAIORES**ANEXO Á ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E****Normas xerais, criterios de valoración .**

1. Un traballo considerárase incluído no punto que lle corresponde de acordo co destino predominante da superficie, incluíndose as superficies con destinos minoritarios. Só se aplicarán diversos módulos cando cada destino minoritario supere o 25% da superficie total; neste caso valorárase independentemente.
2. A superficie total construída é a suma de cada unha das plantas do edificio, medida dentro dos límites definidos polas liñas de fachada, tanto interiores como exteriores e os eixes de medianeras compartidos se se dar o caso.

b) Estimación simplificada dos orzamentos de execución material da edificación

Definicións:

Mbu.- Módulo básico en función do uso da edificación

Sc.- Superficie total construída en m2.

Ct.- Coeficiente corrector en función da tipoloxía da edificación.

Mc.- Módulo de construción ou de referencia.

Oemb.- Orzamento de execución material segundo módulos básicos.

Oemp.- Orzamento de execución material do proxecto.

Módulo básico por uso: Mbu

Establécese un prezo en €/m2 para o cálculo do custo de execución material da edificación segundo o uso característico ou predominante na edificación de acordo co establecido no apartado a).1 deste anexo. O seu valor será actualizado periódicamente por acordo da Xunta de Goberno.

Establécense os seguintes módulos básicos:

Mbu USOS DA EDIFICACIÓN	€/M2
1.- Auditorios. Museos. Teatros. Hoteis 5*. Edificios bancarios	744,00
2.- Hospitais. Laboratorios. Igrexas	697,50
3.- Bibliotecas. Facultades e escolas universitarias. Hoteis 4*. Edificios penitenciarios. Terminais aéreas ou fluviais	651,00
4.- Clubes sociais. Cines. Centros de saúde. Balnearios. Hoteis 3*. Sals de festas. Discotecas. Colexios con residencia	604,50
5.- Casas de cultura. Casas consistoriais. Locais bancarios. Consultorios. Residencias 3ª idade e Centros de día. Apartahoteis. Tanatorios. Centros de culto. Cuarteis. Matadoiros	558,00
6.- Vivenda. Hoteis 2*. Reidencias universitarias. Moteis	511,50
7.- Residencial VPO. Oficinas. Garderías. Centros docentes. Hoteis 1*. Ambulatorios. Hostais-Residencias. Restaurantes. Estacións de autobuses. Salas de exposicións. Piscinas cubertas.	465,00
8.- Bares. Mercados	418,50

9.- Centros comerciais. Pavillóns deportivos cubertos. Vestiarios, Bungalows. Servizos de camping.	372,00
10.- Edificios de aparcamentos. Local comercial. Establecementos comerciais, industria escaparate	302,25
11.- Piscinas descubertas. Cemiterios	232,50
12.- Garaxes e aparcamentos. Estacións de servizo	186,00
13.- Trasteiros. Pórticos, soportais e terrazas abertas	162,75
14.1-Naves industriais, granxas e panteóns (por nicho)	139,50
14.2 Almacéns	90,60
14.3 Instalacións deportivas descubertas, alpendres ,pendellos ou cubertos,depósitos e graderíos	69,75
15.- Proxectos de urbanización (adscritos á edificación). Parcelas camping	46,50
16.- Xardíns. Camiños de terra e formigón. Tratamento de espazos exteriores. Acondicionamento de terreos	23,25
17.- Demolicións e derrubos (aplicada á superficie total de plantas que se van a derrubar). Para	13,50

Superficie construída por uso: Sc

Un traballo considérase ou non incluído no apartado que lle corresponde de acordo co uso predominante da superficie, no que se inclúen as superficies con destinos minoritarios, tal e como se especifica no apartado a).1 deste anexo.

Coefficientes por tipoloxía construtiva: Ct

Establécese un coeficiente corrector en función do tipo de actuación construtiva, sendo os seguintes:

Ct TIPOLOXÍA CONSTRUTIVA

1.- En edificacións de nova planta e adicións ou ampliacións

1,20 Edificación illada. Vivenda unifamiliar illada. Sotos a partir do 3º

1,10 Agrupación de edificación en ringleira. Sotos 1º e 2º

1,00 Edificio en quintero pechado. Edificación aberta en vivenda colectiva

2.- En obras de reforma e rehabilitación

1,20 Rehabilitación total, incluíndo a desmontaxe de fachadas

1,00 Adecuación interior de plantas baixas e entrechans

1,00 Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente fachadas

0,65 Reforma interior de instalacións e distribución conservando a estrutura existente

0,50 Reformas de elementos estruturais

0,35 Rehabilitación de fachadas. Substitución de carpinterías e cerramentos (aplicado a superficie de fachada)

0,30 Reformas de pouca entidade que non afecten a elementos estruturais nin a instalacións ou distribución (acabados).

Módulo de construción ou de referencia: Mc

É o valor en €/m² que resulta de aplicar ao módulo básico **Mbu** o coeficiente corrector **Ct** en función da tipoloxía construtiva, segundo a seguinte fórmula:

$$Mc = Mbu \times Ct$$

Nos casos nos que un coeficiente corrector non se axuste á tipoloxía ou ós usos antes definidos, aplicarase a media entre os que mais se asemellan.

Orzamento de execución material segundo módulos básicos: Oemb

O orzamento de execución material segundo módulos básicos obtérase de aplicar á superficie total construída **Sc** o valor de **Mc** obtido conforme ao apartado anterior, segundo a seguinte fórmula:

$$\text{Oemb} = \text{Mc} \times \text{Sc}$$

O Pemb obtérase como sumatorio dos resultados parciais do produto de $\text{Mc} \times \text{Sc}$, cando concorran as circunstancias específicas no apartado a).1 deste anexo.

Orzamento de execución material de proxecto: Oemp

Considérase como tal o orzamento de execución material que figura no proxecto achegado polo solicitante, como resultado da suma da valoración de todas as unidades ou partidas de obra do proxecto, sen considerar os gastos xerais, beneficio industrial, honorarios profesionais nin I.V.E.

Utilizarase como base imponible aos efectos do cálculo do ICIO, o **Oemp** sempre que este non resulte inferior ao

Oemb.

ANEXO II MÓDULOS VALORATIVOS DE OBRAS MENORES E OUTRAS ACTUACIÓNS
--

ANEXO Á ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

Coste de execución material de unidades de obra :

UD 1.- CERRAMENTOS, VALADOS DE FINCAS E ACCESOS	PREZO/UD en €
ml Peche con elementos vexetais	7,00
ml Peche delimitador de postes e arame	12,25
ml Peche de postes e malla ou semellante	18,35
m2 Peche de reixa de forxa, celosía ou semellante	33,63
m2 Peche de bloque de formigón revestido ou semellante	27,40
ml Peche con chantos de lousa	28,62
m2 Peche de cachotería ou sillería	70,05
m2 Muro de contención de cachotería ou formigon en masa	63,10
m2 Muro de contención de formigón armado	68,00
ml Paso salvacunetas mediante entubado de gabia e pavimentación	22,15
ml Rebaixe de bordillo para a acceso de vehículos e vados	14,19
ml Cancela de acceso a parcela metálica, madeira ou semellante	105,30
ud Execución de columna para contador de electricidade/auga	210,00

UD 2.- DEMOLICIÓNS E DESMONTAXES	PREZO/UD en €
m2 Picado de azulexados, aplacados, enfoscados ou semellante	7,65
m2 Demolición de pavimentos de baldosas de pedra, cerámica ou semellante	7,21
m2 Demolición de muro de cachotería ou apertura de oco en muro	64,47
m2 Demolición de tabiquería interior ou apertura de oco interior	4,88

m2 Demolición ou desmontaxe de entaboadado de madeira	7,06
m2 Demolición ou desmontaxe de entaboadado de madeira, cangos e pontóns	14,75
Desmontaxe de cubrición de cuberta de lousa, tella, chapa, fibrocemento ou semellante, m2 con pp de canos e baixantes	6,22
m2 Desmontaxe de entramado de madeira de cuberta, cangos e pontóns	11,70
m2 Desmontaxe de mobiliario de cociña	18,00
ud Desmontaxe de sanitarios de baño ou aseo	40,00
ud Desmontaxe de instalación eléctrica, fontanería ou saneamento en vivenda	143,30
ud Demolición de cheminea sobre cuberta	48,00

UD 3.- MOVEMENTO DE TERRAS E CANALIZACIÓNS	PREZO/UD en €
m2 Desbrocee limpeza de terreo	2,75
m3 Excavación de terras en baleirado	3,25
m3 Recheo estendido e compactación de terras en terrapléns ou explanacións	4,30
ml Excavación ou apertura de gabias ou foxos	4,54
ml Recheo e compactación de gabias ou foxos	5,32
ml Canalización soterrada para saneamento, auga, electricidade ou telecomunicacións, incluída a excavación e recheo de gabias ou foxos	22,80
ud Arqueta de rexistro para instalacións soterradas, instalada	110,25

UD 4.- CUBERTAS E AZOTEAS (medición en planta	PREZO/UD€ m2
Cubrición de cuberta con lousa, colocada sobre rastreis ou cangos con ganchos de aceiro	32,86
Cubrición de cuberta con tella cerámica, formigón ou semellante, con ganchos ou cravos m2 de aceiro e/ou morteiro.	25,16
m2 Cubrición de cuberta con chapas de fibrocemento	15,95
m2 Cubrición de cuberta con chapas de aleación metálica ou semellante	24,75
m2 Colocación de viguetas prefabricadas de formigón ou pontóns de madeira	7,20
ml Cano ou baixante de PVC ou aluminio	15,97
ml Cano de chapa de zinc-cobre-titanio	30,12
ml Cano de chapa de aceiro prelacado	26,36
m2 Lucernario ou xanela de cuberta tipo Velux ou semellante	152,25

Impermeabilización de terraza, balcón m2 ou azotea existente con lámina asfáltica ou semellante, incluído illamento térmico	32,21
Formación de cheminea sobre cuberta con fábrica revestida ou semellante, incluso ud elemento de coroación	158,45

UD 5.- ALBANELERÍA E SOLLADOS	PREZO/UD en €
m2 Tabique de fábrica de ladrillo dunha folla recebado por ambas caras	42,60
m2 Tabique de cartón xeso tipo Pladur	38,59
m2 Extradorsado de paredes con placa de xeso laminado	15,86
m2 Formación de cámara de aire con fábrica de ladrillo e illamento interior	16,12
m2 Cerramento de dobre folla de ladrillo con illamento interior	35,93
m2 Cerramento de fachada con muro de cachotería ou sillería	88,65
m2 Cerramento de muro de fábrica de bloque	24,20
ml Chanzos de fábrica en formación de escaleira	16,07
m2 Soleira de formigón	18,23
m2 Recrecido de pisos con morteiro de cemento	7,60

UD 6.- PAVIMENTOS E REVESTIMENTOS INTERIORES E EXTERIORES	PREZO/UD €
m2 Pavimento de beirarrúa de baldosa hidráulica ou semellante, pp de bordo incluso	20,59
m2 Pavimento de gres, terrazo, sintético ou semellante	30,13
m2 Pavimento de madeira	52,30
m2 Pavimento de pedra ou mármore	61,10
m2 Chapado de pedra ou mármore en fachadas	72,14
m2 Panolado de madeira en paramentos verticais	35,51
m2 Azulexado de paramentos interiores	22,67
m2 Revocadura con morteiro monocapa	20,50
m2 Rexuntado con morteiro en fábrica de cachotería	18,55
m2 Enfoscado ou recebo de paramentos verticais ou horizontais	14,60
m2 Limpeza de fachadas por medios manuais ou mecánicos	14,55
m2 Pintura en paramentos exteriores ou interiores	8,67
m2 Falso teito liso de escaiola ou xeso laminado	18,21
m2 Falso teito de madeira ou acústico (modular)	31,32

UD 7.- CARPINTERÍAS EXTERIORES E INTERIORES	PREZO/UD en €
ud Porta de entrada á vivenda de madeira maciza e/ou seguridade	540,00
ud Porta de entrada á vivenda en aluminio lacado ou PVC	383,80
ud Porta de paso interior de madeira	135,50
Substitución ou colocación de carpintería exterior de madeira en formación de xanelas m2 ou portas abalconadas	179,26
Substitución ou colocación de carpintería exterior de aluminio ou PVC en formación de m2 xanelas ou portas abalconadas	128,25
m2 Restauración e pintado/vernizado de carpintería exterior de madeira existente	17,05
m2 Acrisolamento de vidro sinxelo en carpintería exterior	31,35
m2 Acrisolamento de vidro dobre en carpintería exterior	68,15
m2 Acrisolamento de vidro templado ou laminado de seguridade	80,95
m2 Persiana de madeira ou PVC	85,20
m2 Rexa metálica de seguridade en protección de portas ou xanelas	92,00
m2 Toldo de tea con brazos abatibles	160,86
ml Verxeaugas de pedra en oco exterior	142,15
ml Xamba o dintel de pedra	75,80

8.- OBRAS DIRIXIDAS A GARANTIR AS CONDICÓNS HIXÉNICO SANITARIAS E UD DE HABITABILIDADE	PREZO/UD en €
ud Instalación de fosa séptica con foxo filtrante en vivenda (para 6 persoas)	1.150,00
ud Instalación de pozo de auga de barrena ou artesán	1.300,00
m3 Depósito de auga	175,55
ud Quentador de instantáneo para produción de AQS, de gas	250,00
ud Termo eléctrico para produción de AQS, de gas de ata 100 litros	285,00
ud Conexión coa rede de saneamento	85,00
ud Conexión coa rede de abastecemento de auga	165,00
ud Renovación de instalación de saneamento en baño/aseo	152,00
ud Renovación de instalación de saneamento en cociña	130,75
ud Renovación de instalación de fontanería en baño/aseo	321,80
ud Renovación de instalación de fontanería en cociña	295,65
Substitución de aparatos sanitarios en baño composto por bañeira/ducha, inodoro, bidé e ud lavabo, incluso billame	691,36

Substitución de aparatos sanitarios en aseo composto por inodoro, e lavabo, incluso ud billame	357,60
Mellora ou substitución de instalación eléctrica en vivenda por cada m2 de superficie útil	22,32
m2 Instalación interior de calefacción en vivenda por cada m2 de superficie útil	64,95

UD 9.- VARIOS	PREZO/UD en €
m2 Instalación de quioscos en vía pública	284,12
m2 Instalación de cartel ou panel publicitario visible dende vía pública	42,60
m2 Colocación de rótulo opaco	339,64
m2 Colocación de rótulo luminoso	414,58
m2 Construción de marquesina	284,12
m2 Construción de alpendre ou galpón de fábrica, con superficie <25 m2, de escasa entidade construtiva e técnica sinxela.	176,12
ud Construción de escaleira de madeira entre dúas plantas	568,24
ml Varanda de madeira ou metal en protección de ocos	133,25
ud Instalación de grúa ou guindastre (montaxe/desmontaxe)	825,00
ml Instalación de andamios	12,00
m2 Construción de silo	78,50
m2 Instalación térmica solar de produción de auga por m2 de superficie de placas instaladas	1.080,00
Instalación fotovoltaica solar de produción eléctrica por m2 de m2 instaladas. Para instalacións de ate 400 m2 de superficie de placas	624,00
Instalación fotovoltaica solar de produción eléctrica por m2 de m2 instaladas. Para instalación de máis de 400 m2 de superficie de placas	410,00
ud Corte de árbores (porte medio)	23,68
ud Descoutado de tocóns de árbores (porte medio)	31,02
ud Plantación de árbores ornamentais de porte medio	15,56
m2 Plantación de árbores en extensión superficial, incluso laboreo previo	2,17

En caso de que unha obra non atope un encadre directo nas distintas tipoloxías eiqui establecidas, aplicaráselle a tarifa que máis se aproxime por identidade de razón entre os supostos tipificados neste anexo ou na base de datos da construción de Galicia aprobada polo instituto tecnolóxico de Galicia.

Chantada, 23/09/2021.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez..

R. 2745

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 15/09/2021 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da Taxa polo servizo de Auga, sumidoiros, lixo e canón de auga correspondentes ao 4º bimestre do exercicio 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 15 de setembro de 2021.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2760

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 21/09/2021 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a agosto 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a xullo do 2021 terá lugar neste municipio dende o día 22 de setembro de 2021 ata o día 22 de novembro de 2021.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 23 de setembro de 2021.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2761

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 22/09/2021 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes a setembro 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes agosto 2021 terá lugar neste municipio dende o día 23 de setembro de 2021 ata o día 23 de novembro de 2021.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 23 de setembro de 2021.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2762

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 14 de setembro de 2021, aprobaronse os Padróns da Taxa por subministro de auga, canon de auga, recollida de lixo e depuración, correspondentes ao 4º bimestre de 2021, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 20 de setembro e o 20 de novembro de 2021.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, a data de sinatura de 2021.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERÍO.

R. 2747

GUITIRIZ

Anuncio

LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO EXPEDIENTE DE PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE FUNCIONARIO DA POLICÍA LOCAL MEDIANTE CONCURSO EN QUENDA DE MOBILIDADE EN EXECUCIÓN DA OEP 2019. EXP. 442/2021.

Por Decreto de alcaldía do Concello de Guitiriz de data 22/09/2021 aprobouse a seguinte lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos/as á convocatoria para a provisión dunha praza de funcionario da policía local mediante concurso en quenda de mobilidade en execución da OEP 2019:

Aspirantes admitidos: 1) Díaz Ramos, Joaquín; e 2) Montes Ferreiro, Rubén.

Aspirantes excluídos/as: non existen.

De conformidade coa base 6ª da convocatoria e o artigo 60 do TREBEP, designáronse os seguintes membros do tribunal do proceso selectivo:

Presidente:

Titular: José Cornide Río, Técnico municipal de Medioambiente do Concello de Guitiriz

Suplente: José Ferreiro Fernández, Interventor do Concello de Guitiriz.

Secretario:

Titular: Pablo Portela Fernández, Secretario do Concello de Guitiriz.

Suplente: María Cristina Varela García, Secretaria do Concello de Xermade.

Vogais Titulares:

1ª: Yolanda Novo López, Administrativa do Concello de Guitiriz.

2ª: Sandra Freire del Valle, Administrativa do Concello de Guitiriz.

3ª: Pilar López Lázare, Técnica de Emprego do Concello de Guitiriz

Vogais, suplentes: José Rodolfo Sangiao Rodríguez, Tesoureiro do Concello de Guitiriz; Eloy Vázquez Cedeira, Policía Local do Concello de Guitiriz; Ana Isabel Blanco Pazos, Arquitecta Técnica do Concello de Guitiriz.

A data de constitución do Tribunal será o día 7 de outubro de 2021 ás 9.30 h no Salón de Plenos do Concello de Guitiriz ou de forma telemática a través da plataforma Gestiona en función da evolución da covid-19. En dita data o Tribunal procederá á valoración dos méritos dos aspirantes conforme á base 8ª da convocatoria.

No dito Decreto acordouse así mesmo publicar a resolución no taboleiro de anuncios, na páxina web e sede electrónica municipais e no BOP de Lugo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Guitiriz, 22 de setembro de 2021.- A Alcaldesa , Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2763

Anuncio

Aprobado por Decreto da Alcaldía de 21 de setembro de 2021, o padrón da taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase (vaos), correspondentes ao exercicio 2.021, expónse ao público na Secretaría deste Concello polo prazo de quince días, a contar dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia, ao efecto de exame e reclamacións, entendéndose que, no caso de non formularse reclamacións quedará elevado a definitivo.

Contra o mencionado padrón, poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, dende a finalización do prazo de exposición pública, ante a Alcaldesa deste Concello, ou calquera outro recurso permitido polo ordenamento xurídico.

O pago das Taxas de este anuncio será en período voluntario dende o día 1 de outubro ata o día 1 de decembro de 2021 (ambos incluídos), de luns a venres e de nove a catorce horas, na tesourería municipal ou nas entidades financeiras colaboradoras.

Advírtese aos contribuíntes que transcorrido o prazo de ingreso sinalado en período voluntario das taxas, as débedas esixiranse por vía de constrinximento, recargas, xuros de mora e custas que se produzan.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ao amparo do art. 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 22 de setembro de 2021.- A Alcaldesa , Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2764

LÁNCARA*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Por xunta de goberno local de 22 de setembro de 2021, aprobouse o padrón de suministro de auga e IVE s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon autonómico de auga correspondente ao 2º trimestre 2021.

O importe total do padrón ascende a 61.208,51 €, sendo o período voluntario de cobro dende o 22 de setembro de 2021 ó 22 de novembro de 2021, de conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei Xeral Tributaria.

O que se expón ao público na Casa do Concello, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo de exposición ó público do padrón. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

En Láncara, 23 de setembro de 2021.- O Alcalde, Darío Antonio Piñeiro López.

R. 2748

LOURENZÁ*Anuncio***EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 01 de Agosto de 2019, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.) correspondente ao mes de setembro de 2021 por importe de catrocentos trece euros con dazaoito céntimos (413,18).

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo,

ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcadesa-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes serán adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 2 de setembro de 2021.- A Alcadesa - Presidente, Rocío López García.

R. 2749

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 27 de setembro de 2021, adoptou, entre outros o acordo 3/586 **NOMEAMENTO DE MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A 2 PRAZAS DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, POR RENUNCIA DE PARTE DOS SEUS MEMBROS**, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- Nomeamento de membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 prazas de Oficial da Policía Local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna, por renuncia de parte dos seus membros e en substitución dos mesmos, do seguinte xeito:

Presidenta: D.^a Ana Rivas García, Secretaria Interventora do Concello de Becerreá.

Suplente: D.^a Aranzazu Sastre Carracedo, Tesoureira municipal do Concello de Lugo

Vogais:

D. Juan Puente Rapela. Inspector do Corpo da Policía Local da Coruña.

Suplente: Rubén Álvarez Hermida. Oficial do Corpo da Policía Local da Coruña.

D. Pablo Outeiral Ces. Oficial do Corpo da Policía Local da Coruña.

Suplente: Diego Alejandro Someso Anguita. Oficial do Corpo da Policía Local da Coruña.

D. Francisco José Vázquez Fernández. Inspector, Xefe do Grupo Operativo da Sede de Lugo da Unidade de Policía adscrita á Comunidade de Galicia.

SEGUNDO.- Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-se o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 27 de setembro de 2021.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 2784

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 27 de setembro de 2021, adoptou, entre outros o acordo 2/585 **NOMEAMENTO DE MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A 10 PRAZAS DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (1 INCLUÍDA NA OEP 2018, 6 INCLUÍDAS NA AMPLIACIÓN DA OEP 2018 E 3 INCLUÍDAS NA OEP 2020), POR RENUNCIA DE PARTE DOS SEUS MEMBROS**, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

PRIMEIRO.- Nomeamento de membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a 10 prazas de Oficial da Policía Local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna, por renuncia de parte dos seus membros e en substitución dos mesmos, do seguinte xeito:

Presidenta: D.^a Ana Rivas García, Secretaria Interventora do Concello de Becerreá.

Suplente: D.^a. Aranzazu Sastre Carracedo, Tesoureira municipal do Concello de Lugo

Vogais:

D. Juan Puente Rapela. Inspector do Corpo da Policía Local da Coruña.

Suplente: Rubén Álvarez Hermida. Oficial do Corpo da Policía Local da Coruña.

D. Pablo Outeiral Ces. Oficial do Corpo da Policía Local da Coruña.

Suplente: Diego Alejandro Someso Anguita. Oficial do Corpo da Policía Local da Coruña.

D. Francisco José Vázquez Fernández. Inspector, Xefe do Grupo Operativo da Sede de Lugo da Unidade de Policía adscrita á Comunidade de Galicia.

SEGUNDO.- Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 27 de setembro de 2021.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 2785

PALAS DE REI

Anuncio

SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA CONTRATOS TEMPORAIS DE 1 POSTO DE PEÓN DE LIMPEZA A XORNADA PARCIAL.

BASES DA CONVOCATORIA

1. Obxecto

A convocatoria ten por obxecto a contratación laboral de carácter temporal, mediante contrato por obra ou servizo determinado de 1 postos de peón de limpeza, a xornada parcial 501-6h

2. Características do posto de traballo ofertado

Denominación do posto:

Peón de limpeza

Réxime	Contrato laboral temporal
Unidade/Área	Obras
Categoría profesional	9.g
Titulación esixible	Estudios primarios ou equivalentes
Sistema de selección	Concurso-oposición
Núm. de Postos que se convocan	1 posto contrato 501-6h

3. Modalidade e condicións do contrato

Modalidade segundo regulación do RDLex 2/2015 (Estatuto dos Traballadores)	Obra ou servizo determinado.
Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial)	Xornada parcial
Xornada de traballo (horas semanais e prestación)	6h/día
Retribución bruta	SMI 2021/6h (831,25€/mensuais incluíndo prorrateo das extras)

4. Requisitos dos aspirantes

4.1. De carácter xeral (artigo 50 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia)

- a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.
- b) Estar en posesión da titulación que se esixa nas bases ou estar en condicións de obtela.
- c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

Non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

f) Non haber traballado en esta administración, 24 meses ou máis nos últimos meses a contar desde a data das bases, segundo o establecido especialmente nos artigos 27 e 28 da Ley 2/2015 do empregado público de Galicia.

Tanto os requisitos imprescindibles, como os méritos que se aleguen, deberán ser acreditados mediante certificacións expedidas polos organismos competentes. A acreditación da experiencia profesional deberá realizarse mediante certificacións oficiais descritivas do tempo e funcións desenroladas: **vida laboral e certificados administrativos, contratos administrativos, contratos laborais ou similares.**

4.2. De carácter específico.

- Certificado de Lingua Galega Nivel 2 (Celga 2) ou equivalente.

-Estudios primarios ou equivalentes

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

5. Publicidade.

As presentes Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e sede electrónica do Concello de Palas de Rei.

Todos os anuncios relativos a este procedemento selectivo e os sucesivos trámites publicaranse na sede electrónica do concello e o taboleiro de anuncios.

6. Procedemento selectivo.

6.1. Documentación.

As persoas interesadas presentarán no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a solicitude debidamente cumprimentada, e no modelo oficial que se publica como **Anexo I** a estas bases, asinada e dirixida ao Alcalde do Concello de Palas de Rei, xunto coa documentación que na mesma se indica.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou nas oficinas de correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán adiantar á dirección concellopalas@gmail.com, un resguardo de ter presentado a solicitude, dentro do prazo de presentación, indicando como asunto: proceso peón recollida lixo 401.

6.2. Prazo de presentación de instancias.

Tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

6.3 Admisión.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos, na que se indicarán, se é o caso, os motivos de exclusión.

A listaxe publicarase na sede electrónica do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **dous días hábiles** para emendar os erros ou defectos advertidos, a partir da publicación do anuncio na sede electrónica do Concello.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións, a lista de admitidos/as, quedará elevada automaticamente a definitiva e publicarase nos lugares anteriormente expresados.

No caso de producirse reclamacións, estas serán estudadas e dítarase resolución estimándoas ou desestimándoas. Dita resolución publicarase coa lista definitiva na sede electrónica do Concello.

6.4. Órgano de selección

A Comisión Técnica de Selección será nomeada por resolución do alcalde e axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e terase en conta a normativa reguladora da igualdade entre homes e mulleres.

Os membros do órgano de selección deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no que para o ingreso se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

6.5. Colaboradores.

A Comisión Técnica de Selección, en atención ao volume de traballo en relación coa urxencia do procedemento ou debido ás especificacións técnicas das probas establecidas poderá solicitar a asistencia de persoal colaborador entre os empregados do concello ou asesoramento especial, sen que neste caso sexa necesariamente persoal da propia entidade.

O persoal colaborador ou asesor terá dereito ás mesmas cantidades asignadas aos vogais en concepto de asistencia, sen prexuízo das indemnizacións por gastos que legalmente corresponda aplicar.

En ningún caso estará presente nas votacións da Comisión Técnica de Valoración.

6.6. Sistema de selección e puntuación.

A selección dos candidatos realizarase, de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de selección que se indica no cadro que se transcribe na base 2.

Proba de Galego:

Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei

incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.

Se o aspirante non está exento da proba de galego deberá realizar unha proba, que terá carácter eliminatorio, e consistirá nun tipo test proposto polo tribunal, nun tempo máximo de media hora.

Cualificarase a proba como apto/a ou non apto/a e publicarase mediante anuncio no taboleiro e na sede electrónica do Concello de Palas de Rei. Os/as aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que considere oportunas contra as referidas cualificacións.

Estarán exento da realización desta proba aqueles aspirante que posúan o celga 2 ou equivalente. Estes aspirantes terán a cualificación de apto.

7. Fase de concurso (Máximo 4 puntos):

“Méritos computables: Os establecidos no REGLAMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL E BOLSA DE TRABALLO DO CONCELLO DE PALAS DE REI publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Boletín Número 087, de 17/04/2006

1. Méritos Profesionais

-Por mes traballado ou fracción superior a quince días en Administración Pública en igual posto ou similar: 0,10 puntos

-Por mes traballado ou fracción superior a quince días en empresa pública ou privada, cando sean por conta allea, en igual posto ou similar: 0,05 puntos, hasta un máximo de 1,5 puntos

2. Formación extraacadémica recibida.

Considerarase neste apartado a asistencia a cursos, seminarios, congresos, jornadas ou similar impartidos por organismos públicos e/ou oficiais, e organismos privados, relacionada co posto a desempeñar, valorándose mediante a aplicación da seguinte fórmula:

Centros de Formación Públicos: Nº horas X 0,005 puntos.

Centros de Formación Privados: Nº horas X 0,002 puntos.

Aplicarase a fórmula de valoración a aqueles cursos dunha duración inferior ou igual, nunca superior a 250 horas, e decir, o máximo establecido na duración dun curso para o seu cómputo e de 250 horas.

Neste apartado non se valorará a titulación académica esixida para o acceso ao posto correspondente nin as que resulten necesarias para obter a titulación superior.

Valoraranse outras titulacións académicas complementarias e directamente relacionadas co posto con 1 punto.

3. Formación extraacadémica impartida.

Consideraranse neste apartado os cursos, as conferencias, os seminarios, as comunicacións a congresos, as ponencias, etc. organizados polos organismos públicos e as publicacións.

Por cada hora de curso: 0,05 puntos.

Por conferencia ou ponencia en cursos, seminarios ou xornadas: 0,15 puntos.

Por cada comunicación: 0,10 puntos.

Por cada artigo en revista especializada: 0,40 puntos.

Por cada capítulo de libro: 0,40 puntos/Nº de autores, sin poder exceder de 1 punto.

Por cada libro: 1 punto/Nº de autores.

En caso de empate en la fase de concurso se estará a lo dispuesto en el artículo 44 del Real Decreto 364/1995. “

8.Fase de oposición (Máximo 6 puntos)

Realizarase unha proba tipo text que elaborará o tribunal segundo o temario que acompaña estas bases como ANEXO I

8.1. Acreditación

Os méritos alegados acreditaranse mediante a copia auténtica dos diplomas ou certificados expedidos polos organismos ou entidades correspondentes.

A experiencia laboral deberá vir debidamente acreditada cos contratos de traballo ou certificados de empresa, onde se indique de forma clara o seu inicio e finalización dos mesmos, así como a categoría profesional pola que fora contratado.

Achegarase así mesmo, informe de vida laboral.

8.2. Valoración, relación de aprobados e proposta de resolución.

A cualificación definitiva do proceso selectivo estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas nos dous exercicios, da fase de oposición mais a dos méritos acreditados na fase de concurso.

Finalizado o proceso de realización das probas establecidas e a avaliación dos méritos que anteriormente se concretan, a Comisión Técnica de Selección confeccionará a listaxe dos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación, e remitirá ao órgano competente proposta de candidato/a para a formulación do contrato, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para alegacións que resolverá o Alcalde, previo informe da comisión de selección.

O órgano competente procederá á formalización do contrato previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

9. Constitución de bolsa de emprego

Constituirase una bolsa de emprego coas persoas que superen a fase de concurso e non resultaran seleccionadas para a formalización do contrato, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puidesen resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente, debidas a calquera circunstancia sobrevida. A bolsa será ordenada segundo a puntuación obtida na oposición mais os méritos acreditados, seguindo o procedemento de publicidade e alegacións descrito no apartado anterior.

10. Incidencias

A Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, e o Convenio Colectivo do Persoal do Concello de Palas de Rei.

TEMARIO ANEXO I:

TEMA 1.-Conceptos generales de limpieza

TEMA 2.-Seguridad e higiene: uniformidad, elementos de higiene, elementos de seguridad en el uso de la maquinaria. Condiciones de seguridad de las herramientas manuales. Equipos de protección personal.

TEMA 3.-Sistemas de limpieza, Barrido. Baldeo. Productos de limpieza.

TEMA 4.-Nociones generales sobre la retirada y reciclaje de residuos

TEMA 5. - La constitución española: Estructura básica. Y derechos y deberes fundamentales.

Anexo II

PROCESO SELECTIVO: CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR O POSTO QUE SE RELACIONA.

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PALAS DE REI (LUGO)

POSTO DE TRABALLO AO QUE SE PRESENTA
.

DATOS PERSOAIS

APELIDOS E NOME	DNI
DOMICILIO	Tif.
	e-mail

SOLICITO participar na convocatoria para selección de persoal identificada no encabezamento a cuxas bases me someto expresamente.

DECLARO BAIXO A MIÑA PERSOAL RESPONSABILIDADE que reúno os requisitos esixidos para participar no proceso segundo as bases que regulan a convocatoria e comprométome a aportar a documentación requirida no momento en que se me esixa polo órgano de selección.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que toda a documentación que se presenta é copia fidedigna da orixinal comprometéndome a presentar os orixinais no caso de que me sexan requiridos.

ACHEGO A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA ESIXIDA NAS BASES

- a) Copia do DNI ou pasaporte
- b) Estudos primarios ou equivalente
- c) Copia do Celga 2 ou equivalente

(Para o caso de non acreditar o Certificado Celga, enténdese solicitada a realización da proba de galego).

ACHEGO OS SEGUINTE DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS MÉRITOS (-acreditación-):

(Relacionar os documentos que se acompañan)

1. 2. 3. 4. (...) (Se resultara insuficiente este espazo, engadiranse outros folios, que deberán asinarse). Engade follas adxuntas á relación de méritos? __ SÍ __ NON (marcar con X) Nº de follas engadidas: ____

_____, __ de _____ de 2020

(sinatura)

Palas de Rei, 8 de setembro de 2021.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 2746

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) DEPUTACION DE LUGO

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO, EN SESION CELEBRADA O 24 DE SETEMBRO DE 2021, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARAN AS SUBVENCIONS, EN REXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA APOIAR A XESTION E MANTENIMENTO DAS REDES SECUNDARIAS DE FAIXAS DE XESTION DE BIOMASA E DAS FAIXAS LATERAIS DAS VIAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, DENTRO DOS TERREOS DAS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN, NA EXECUCION DO PROGRAMA “O QUE NON ARDE”, NA ANUALIDADE 2021.

BDNS (Identif.): 585341

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/585341>)

Primeiro.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias destas subvencions as CMVMC da Provincia de Lugo, e as súas agrupacions, baixo calquera forma xurídica (agás a sociedade mercantil), cuxos montes foran convenientemente clasificados polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais da provincia de Lugo e inscritos no Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

No caso de arrendamento total ou parcial do monte, para a realización dun aproveitamento de pastos por gando en extensivo (actividade encadrada dentro do Eixo 1), o/s arrendatario/s poderá/n ser beneficiario/s de subvención e, polo tanto, poderá/n solicitala, sempre que o dito aproveitamento teña lugar en terreos que cumpran os requisitos establecidos no parágrafo anterior, e que, ademais, polo seu número de cabezas de gando e clase, sexa compatible coa conservación do monte.

No caso de cesión parcial do monte, para o seu aproveitamento individual por parte dalgún/s comuneiro/s, mediante pastoreo por gando en extensivo (actividade encadrada dentro do Eixo 1), e sempre que a cesión se corresponda con terreos que cumpran os requisitos citados nos parágrafos anteriores, este/s poderá/n ser tamén beneficiario/s das subvencions, sempre que o lote, a sorte ou parcela obxecto de cesión non sexa inferior á unidade mínima de cultivo. Nestes casos, será preciso a achega do documento de asignación de lotes indicando o seu aproveitamento.

Segundo.- Obxecto

Subvencions, en réxime de concorrencia competitiva, no marco do Programa “O que non arde”, de axudas dirixidas ás Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (en diante, CMVMC) da provincia de Lugo, e ás súas agrupacions, baixo calquera forma xurídica (agás a sociedade mercantil), destinadas á xestión forestal conxunta, para a posta en marcha de actuacións de silvicultura preventiva que contribuirán a prever e minorar as consecuencias e os impactos negativos que os incendios forestais poidan provocar sobre a capacidade potencial de desenvolvemento e produción dos montes, de acordo con 2 eixos de actuación.

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencions da Deputación de Lugo, que se pode consultar na web da entidade (<http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>).

Convocatoria de subvencions, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar a xestión e mantemento das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e das faixas laterais das vías de titularidade municipal, dentro de terreos das comunidades de montes veciñais en man común, que se poden consultar na web da Deputación de Lugo (<http://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medio-rural/subvencions>).

Cuarto.- Contía

A contía total máxima destinada a estas actuacións, incluída no Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2021, é de 60.000,00 €, coa seguinte distribución:

- Actuacións incluídas no Eixo 1: 40.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.489
- Actuacións incluídas no Eixo 2, apartado a): 10.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789
- Actuacións incluídas no Eixo 2, apartado b): 10.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.489

O importe das axudas para cada actuación será o que corresponda en función do orzamento e das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 4 e 7, segundo o previsto na Base 2, establecéndose as seguintes cantidades máximas:

- Actuacións incluídas no Eixo 1: 3.900 €, correspondentes a 130 €/ha de aproveitamento de pasto por gando en extensivo, cun límite de 30 has. por CMVMC, e unha carga gandeira non inferior a 0,60 UGM/ha en cómputo global, dentro das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa definidas no artigo 21 da LPDIFG ou nas faixas laterais das vías de titularidade municipal que discorran por terreos titularidade do/s solicitantes, ata os 2 metros en cada marxe.
- Actuacións incluídas no Eixo 2, apartado a): 1.500 €, podendo ser obxecto de subvención os gastos ocasionados como consecuencia da redacción, por parte dun técnico competente, do Plan de aproveitamento silvopastoril para a regulación do aproveitamento e a inscrición no rexistro público de terreos forestais de pastoreo, ou para a súa inclusión dentro dun Proxecto de ordenación.
- Actuacións incluídas no Eixo 2, apartado b): 1.500 €, podendo ser obxecto de subvención os gastos ocasionados como consecuencia de traballos de investigación da propiedade ou de resolución de discrepancias catastrais.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

Os interesados en solicitar estas axudas disporán dun prazo de presentación de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da data da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 24 de setembro de 2021.- O PRESIDENTE, P.D. Decrto 15/10/2019. A Deputada Delegada de Medio Rural e do Mar e Mocidade. Mónica Freire Rancaño.

R. 2779